

1.- II Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Hoxe, día 10 de xaneiro, comeza o prazo para a inscrición no concurso **II Incubadora de Sondaxes e Experimentos**, que convoca a SGAPEIO para proxectos de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Toda a información está na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es

2.- XXXIII Congreso da SEIO

O Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade Rey Juan Carlos organiza o **XXXIII Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa** e as **VII Jornadas de Estadística Pública**, que terán lugar en Madrid, do **17 ao 20 de abril de 2012**. Xúntase a esta mensaxe unha carta do comité organizador.

3.- Cursos de formación de GRID[ECMB] 2012

O Grupo Interdisciplinar de Estatística, Computación, Medicina e Bioloxía **GRID[ECMB]** da Universidade de Santiago organiza, para o ano 2012, os seguintes cursos de formación:

- Bioestatística básica con R
- Modelos Mixtos utilizando R
- Deseño de Experimentos en Biomedicina con R
- Bioestatística e estudos epidemiolóxicos con Epidat
- Regresión Flexible a través de Modelos GAM

Está aberto o prazo de inscrición.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/gridecmb/>

4.- Bolsas de posgrao da Fundación Barrié 2012

A Fundación Barrié de la Maza convoca 32 bolsas para realizar programas de máster, doutoramentos, investigación posdoutoral e proxectos de investigación científica en Estados Unidos, Europa (agás España) e Asia.

Presentación de solicitudes: do 10 ao 31 de marzo de 2012.

Máis información: <http://www.fundacionbarrie.org/es/programas/becas>

5.- Prazas na USC

Convocatoria Pública da Universidade de Santiago de Compostela de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato de obra ou servizo determinado.

Actividade 1: modelos de inferencia non paramétrica para indicadores medioambientais.

- Centro: Facultade de Matemáticas.
- Investigador principal: Wenceslao González Manteiga.
- Traballo a realizar: programación en R de indicadores medioambientais.
- Titulación: Licenciatura en Matemáticas con orientación en Estatística.

Actividade 2: metodoloxía estatística e aplicacións en estatística semiparamétrica, funcional e espacio temporal.

- Centro: Facultade de Matemáticas.
- Investigador principal: Wenceslao González Manteiga.
- Traballo a realizar: deseño e implementación de técnicas estatísticas non paramétricas para a análise de datos e procesos medioambientais.
- Titulación: Licenciatura en Matemáticas, Máster en Técnicas Estatísticas.

Presentación de solicitudes: ata o 17 de xaneiro de 2012.

Máis información: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1144_gl.pdf

6.- "Research position" en Bélxica

The Institute of Statistics, Biostatistics and Actuarial Sciences (ISBA) of the Université catholique de Louvain (UCL), Louvain-la-Neuve, Belgium, has a vacancy for a fulltime research position.

Máis información na web da SGAPEIO: www.sgapeio.es

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>